



ASOCIACION HOSTELERIA COMPOSTELA

Oficinas y Centro de Formación e Cultura

Salvadas, 29 – 31 bajo

<http://www.santiagohosteleria.com>

e-mail: informacion@santiagohosteleria.org

Tfno: 981592700 - 981583366 – Fax: 981598099 - 981582041

15705 – SANTIAGO DE COMPOSTELA

A ASOCIACIÓN HOSTELERÍA COMPOSTELA PRESENTA A SÚA NOVA REVISTA **CompH!ostelería E** A RENOVADA PÁXINA WEB

- *A revista **CompH!ostelería** sae de novo a rúa cun novo deseño e contidos renovados*
- *A páxina web santiagohosteleria.net amosa dende hoxe unha imaxe totalmente renovada*

Despois duns meses sen publicarse, o pasado 30 de xuño de 2016 saíu de novo á rúa o último número de **CompH!ostelería** cun novo formato e novos contidos.

A aposta de Hostelería Compostela pola renovación da súa imaxe e a modernidade das súas canles, levaron a retomar a edición da revista dos socios/as da entidade. A partires deste número publicarase de xeito **bimestral** e distribuirase conxuntamente coa revista Pincha e discos. Precisamente as encargadas da edición nesta nova andaina de **CompH!ostelería** son as encargadas de redacción de Pincha e discos.

Neste nóvo número teñen cabida as novas da asociación, os novos socios incorporados e unha entrevista a Concelleira de Turismo, Marta Lois. Así mesmo os dous presidentes da asociación teñen o seu anaco na mesma.

Nova páxina web

Paralelamente, Hostelería Compostela estrena tamén a súa nova páxina web **santiagohosteleria.net**. Tamén cun deseño totalmente renovado e uns contidos totalmente actualizados. É unha web adaptada aos novos tempos: totalmente compatible con tódolos dispositivos e sistemas operativos, tanto para conexións de internet móvil como residencial.

Na nova web tamén existe un apartado para os medios de comunicación, que se estrena precisamente con este comunicado de prensa. <http://www.santiagohosteleria.net/servizos-de-prensa/>

Primeiro avance dos resultados da Promoción Compostela Destino 5 Estrellas

Nos primeiros seis días da promoción, xa máis de 100 turistas beneficiáronse da promoción Compostela Destino 5 Estrellas, nos 22 establecementos hoteleiros da cidade adheríronse a esta promoción.

Compostela Destino 5 Estrelas é un proxecto posto en marcha conxuntamente pola Fundación Cidade da Cultura de Galicia e a Asociación de Hostelería de Compostela e impulsado polo Clúster Turismo de Galicia (CTG) para a promoción e desestacionalización turística de Santiago de Compostela durante a primeira quincena de xullo do 2016.

A promoción, que se desenvolverá entre o 1 e o 17 de xullo, concrétese nun pack turístico conformado por:

- Estancia de 2 noites en réxime de AD
- Visita guiada pola cidade
- Tarta de Santiago
- Fotografía
- Visita á Cidade da Cultura de Galicia
- Percorrido no tren turístico
- Visita á Casa da Troia

Esta promoción complétase **entre o 8 e 17 de xullo cun 35% de desconto nos trenes con chegada a Santiago**, que RENFE ofrece aos viaxeiros adheridos a esta oferta.

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2016

Fidel Martín

Comunicación Hostelería Compostela

[981 592 700](tel:981592700) - [647.516.188](tel:647516188)

comunicacion@santiagohosteleria.org